

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 1 DE ABRIL DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada autonómica AC-197: AC-550-Ameixenda-AC-550, a prol do Concello de Cee.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a contratación centralizada da subministración de gas natural aos centros de consumo da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), cun orzamento de licitación de cincuenta millóns setecentos oitenta mil setecentos sesenta e catro euros (50.780.764 euros), IVE incluído, e cun valor estimado de sesenta e tres millóns setecentos catro mil trescentos sesenta e dous euros e un céntimo (63.704.362,01 euros) expediente nº 02/2015 SXT.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza o acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas da gripe estacional para a campaña 2015-2016.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como á exención da obriga de constituír garantías nos pagamentos á conta ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria, para o ano 2015, das subvencións para o financiamento da formación e da actividade laboral dos contratos para a formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012,



do 8 de novembro. Importe total: dous millóns seiscentos cincuenta mil euros (2.650.000 euros).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Proxecto Abalar. Estratexia de integración das TIC na práctica educativa
- Informe sobre a concesión de subvencións destinadas ao financiamento de plans formación das entidades locais de Galicia para o ano 2014 e principais novidades da convocatoria no ano 2015.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos da Coruña e Arteixo para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino no núcleo de Meicende.
- Informe sobre a licitación da redacción do proxecto básico e de execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario galego para o curso 2015/2016.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a tramitación do expediente para a cobertura de necesidades diagnósticas e terapéuticas mediante equipamento de alta tecnoloxía no Servizo Galego de Saúde.



**A XUNTA TRANSFÍRELLE AO CONCELLO DE CEE A TITULARIDADE DA TRAVESÍA AMEIXENDA LOGO DE INVESTIR 125.000 EUROS NO REFORZO DA SEGURIDADE DESTA VÍA**

- ***A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade desta estrada dunha lonxitude de 1.740 metros, así como dos terreos de dominio público adxacentes ao trazado***
- ***A entrega deste treito de estrada deberá formalizarse no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no DOG, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega***
- ***Corresponderanlle ao Concello de Cee todas as actividades de xestión, conservación e explotación dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria como nova Administración titular dos terreos***
- ***A Xunta executou o pasado mes de marzo as obras de mellora neste treito da AC-AC-197***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o cambio de titularidade da estrada autonómica AC-197, no treito AC-550-Ameixenda-AC-550, a prol do Concello de Cee. A Xunta acordou transferir esta vía, coñecida como a Travesía da Ameixenda, ao municipio, logo de investir 125.000 euros no reforzo da súa seguridade viaria.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en estradas.

A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade desta estrada dunha lonxitude de 1.740 metros, así como dos terreos de dominio público adxacentes ao trazado.

A entrega deste treito de estrada deberá formalizarse no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no DOG, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle ao Concello de Cee, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular dos terreos.



## Travesía da Ameixenda

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas realizou o pasado mes de marzo unhas obras de reforzo de firme neste treito da estrada AC-197, coñecido como a Travesía da Ameixenda cun investimento de 125.000 euros. Esta actuación consistiu tanto na mellora do firme como na adecuación das marxes e deixou a estrada en óptimas condicións de seguridade para os veciños e condutores.



## **A XUNTA AFORRA 3,5 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS EN ENERXÍA, O DOBRE DO PREVISTO DESDE A POSTA EN MARCHA DE REDEXGA**

- ***A Rede de Enerxía da Administración autonómica integrará, ademais da enerxía eléctrica, os contratos de subministración de gas, o que permitirá un aforro de 30 millóns ata o 2020***
- ***A rede ten incorporados 1.638 puntos de subministración eléctrica pertencentes ás oito consellerías, que xeran aforros de case un 20%***
- ***Nos vindeiros meses sumarase ao contrato eléctrico a rede dos hospitais do Sergas e a Cidade da Cultura e estudarase a posibilidade de centralizar os contratos de biomasa e gasóleo***
- ***Promoverase a figura do xestor enerxético co obxectivo de asesorar os técnicos das distintas consellerías en labores como o control do gasto enerxético, o axuste das potencias contratadas ou os programas de eficiencia enerxética***

O Goberno galego, na súa aposta pola eficiencia enerxética, segue a desenvolver a Rede de Enerxía da Xunta de Galicia - Redexga, un sistema de xestión enerxética que ten centralizada a contratación eléctrica da Administración pública e coordina as actuacións que se desenvolven. Neste sentido, a través desta estrutura o Goberno galego está a aforrar 3,5 millóns de euros anuais en electricidade, o dobre do previsto desde a posta en marcha de Redexga a finais de 2013.

Así, a rede ten incorporado 1.638 puntos de subministración eléctrica pertencentes ás oito consellerías, que xeran aforros de case un 20%. Así mesmo, nos vindeiros meses sumarase ao contrato eléctrico a rede dos hospitais do Sergas e a Cidade da Cultura, o que suporá acadar a práctica totalidade das subministracións de electricidade da Administración.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou hoxe a incorporación á Redexga do servizo de gas natural, o que permitirá, xunto ás cifras que se están a obter no eido eléctrico, acadar un aforro económico de máis de 30 millóns de euros ata o ano 2020. A contratación centralizada do gas natural aspira a reducir o custo da factura en máis de 6 millóns de euros neste período, racionalizando tanto o consumo como a subministración.

Para isto, integraranse nun único contrato 112 puntos de consumo pertencen a edificios e instalacións de Redexga, así como a subministración do gas natural licuado a un punto de consumo, o que totaliza a contratación de máis de 506 GWh anuais e reduce o custo da factura por exercicio nun 6%. Unha vez realizada a integración do gas no sistema, estudarase a centralización dos contratos de biomasa e gasóleo, reforzando a aposta pola racionalización enerxética que está a levar a cabo o Goberno galego.



A incorporación destes centros e fontes enerxéticas encádrase no labor, como parte de Redexga, que vén desenvolvendo o Centro Intensivo de Aforro Enerxético xestionado polo Inega. A través desta unidade, nos últimos meses estudouse non só a posibilidade de centralizar a contratación doutro tipo de subministracións enerxéticas, senón tamén a de analizar e optimizar os diferentes consumos integrados en Redexga.

Neste contexto, o Inega seguirá o seu desempeño como asesor enerxético e daralle continuidade ao labor desenvolvido por este Centro Intensivo de Aforro de Enerxía. Este asesoramento incluírá a elaboración de pregos técnicos en materia de eficiencia enerxética e o deseño e execución de proxectos singulares.

Así mesmo, promoverase a figura do xestor enerxético co obxectivo de asesorar os técnicos das distintas consellerías en labores como o control do gasto enerxético, o axuste das potencias contratadas ou os programas de eficiencia. Deste xeito, facilitarase a análise detallada dos consumos integrados en Redexga, traballando na súa optimización a través do asesoramento enerxético.

Todas estas actuacións encádranse dentro do Plan de aforro e eficiencia enerxética da Administración pública galega, que aspira a diminuír nun 20% os consumos enerxéticos da propia Administración, o cal suporá un aforro económico total do 10% sobre a factura enerxética actual. O Goberno galego reitera así a súa aposta polo aforro e a eficiencia enerxética, posibilitando importantes aforros para as arcas da Administración que repercuten en beneficio de todos os cidadáns.



## **A CONSELLERÍA DE SANIDADE ADHERIUSE NESTE ANO AO NOVO ACORDO MARCO PROPOSTO POLO MINISTERIO PARA A COMPRA DA VACINA ANTIGRIPAL**

- ***Para a adquisición das vacinas antigripais deste ano Sanidade ten reservado un orzamento de 2.003.748 euros***

A Consellería de Sanidade adheriuse, neste ano 2015, ao novo acordo marco proposto polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para a compra da vacina antigripal, cuxa campaña está prevista que comece no mes de outubro e remate no mes de decembro. Así o aprobou hoxe o Executivo galego na súa reunión semanal.

Xa nos últimos anos, o departamento que dirixe Rocío Mosquera adheriuse ao acordo marco coordinado polo Ministerio de Sanidade para a compra desta vacina, cuns resultados satisfactorios especialmente no eido económico, pois conseguiu unha rebaixa do prezo que supuxo unha importante diminución no orzamento destas campañas con respecto ás dos anos anteriores, rebaixándoas en máis dun millón de euros anuais.

Para a adquisición das vacinas antigripais deste ano Sanidade ten reservado un orzamento de 2.003.748 euros.

### **Mellorar as coberturas**

Neste ano 2015 Sanidade manterá as indicacións de vacinación das campañas dos últimos anos, ofertando, de xeito gratuíto, a mesma a todas as persoas con maior risco de padecemento da enfermidade e as súas complicacións, é dicir, vacinación antigripal das persoas de 60 ou máis anos e persoas menores desa idade pertencentes aos grupos de risco; así como persoas con posibilidade de transmisión a grupos de risco e traballadores esenciais para a comunidade.

Sanidade lembra que a vacina da gripe ten un importante beneficio en canto que reduce a incidencia desta enfermidade pero, moi especialmente, diminúe a frecuencia de complicacións secundarias e, así mesmo, o risco de hospitalización e morte relacionada coa gripe nas persoas maiores, con ou sen condicións médicas de risco, e noutras persoas con patoloxías previas.

Nesta campaña, Sanidade pretende mellorar as coberturas con respecto a anos anteriores, especialmente no grupo de persoas en idades de 65 ou máis anos. Tamén se pretende mellorar a vacinación dos profesionais sanitarios aumentando a cobertura nos traballadores deste colectivo. Para tal efecto, realizaranse todos os esforzos posibles e habilitaranse todos os recursos dispoñibles.



## **TRABALLO INVISTE 2,6 MILLÓNS PARA A FORMACIÓN DUAL QUE PERMITIRÁ A FORMALIZACIÓN DE 500 CONTRATOS PARA MENORES DE 30 ANOS**

- ***Poderán beneficiarse destas axudas as entidades locais que realicen contratacións de formación e aprendizaxe, así como as persoas empregadoras e as empresas***
- ***Esta iniciativa consiste en proporcionar aos beneficiarios un contrato asociado a unha actividade formativa de calidade***
- ***A orde inclúe dous programas de incentivos; para a formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe e para a actividade laboral do contrato***
- ***Os contratos para a formación e a aprendizaxe incentivaranse cunha axuda de ata 1.200 euros***
- ***No caso da formación, será subvencionable sempre que exceda do 25% da xornada laboral***
- ***A duración mínima destes contratos é dun ano, podendo chegar ata os tres***
- ***Os beneficiarios disporán dun salario acorde ao convenio colectivo e dunha contratación visada polo Servizo Público de Emprego***

A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano 2,6 millóns de euros para a formación dual, co que se prevé poder formalizar preto de 500 contratos para mozos e mozas menores de 30 anos. O Consello da Xunta aprobou hoxe esta orde de axudas que regula o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe.

Con esta iniciativa, o departamento autonómico dá resposta á aposta do Goberno galego por incentivar o emprego a través do contrato de formación e aprendizaxe, xa que así se poden formar os mozos e as mozas mentres perciben unha retribución polo seu traballo, amparados por un contrato con todas as garantías legais e cun salario estipulado e axustado ao convenio colectivo e supervisado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

Esta iniciativa, que combina un posto de traballo cunha actividade formativa, está dirixida, especialmente, aos menores de 30 anos cunha baixa cualificación e que estean en situación de desemprego.

Poderán ser beneficiarias dos incentivos as entidades locais para as cales se destinan 1,4 millóns de euros do global da orde de axudas e, doutra banda, as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos os autónomos e as sociedades civís e comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras e traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen na orde.





A iniciativa ofrécelles aos mozos desempregados un contrato profesional e unha formación certificada, ao mesmo tempo que as entidades contratantes teñen a posibilidade de contar con profesionais preparados para determinados labores específicos.

O proxecto consiste en proporcionarlles aos beneficiarios un traballo asociado a unha actividade formativa de calidade vinculada á demanda real do mercado laboral e a un certificado de profesionalidade, de validez estatal.

Deste xeito, ademais de proporcionarlles un traballo, mellórase a preparación e cualificación dos participantes, un aspecto especialmente importante no caso daqueles mozos e mozas que en época de bonanza abandonaron a súa formación por un posto de traballo, que entón abundaban en sectores como a construción ou o metal e que no día de hoxe non contan cunha formación específica nin outra experiencia laboral.

Este contrato ofrece vantaxes e oportunidades tanto para a empresa como para o traballador. Trátase dun contrato cun salario acorde ao convenio colectivo. A súa duración mínima é dun ano e pode chegar ata os tres.

### **Dous tipos de incentivos**

A orde de axudas conta con dous tipos de programas de incentivos: para a formación asociada aos contratos e para a actividade laboral do contrato.

No primeiro caso, para o programa de incentivos á formación, será subvencionable a formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe que exceda do 25% da xornada laboral (ata o 25 por cento será bonificado polo Estado) e se teña desenvolvida no ano 2014 e no ano 2015, con anterioridade ao 15 de novembro do ano 2015, no caso das entidades locais, e con anterioridade ao 30 de setembro do ano 2015, no caso das empresas. En todo caso, só serán subvencionables os gastos de formación posteriores ao 14 de novembro de 2014. No suposto de que as persoas traballadoras contratadas con posterioridade ao 24 de xaneiro de 2015 sexan persoas beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, só será subvencionable a formación que exceda o 50% da xornada laboral.

Doutra banda, os contratos para a formación e a aprendizaxe incentivaranse cunha axuda de ata 1.200 euros, sempre que o tempo efectivo de traballo sexa igual ao 75% da xornada de traballo e á parte proporcional, se a xornada de traballo é menor. Neste último caso, poderase subvencionar a cotización á Seguridade Social correspondente á persoa empregadora, sempre que o contrato para a formación e a aprendizaxe sexa realizado por una entidade da Administración local de Galicia e sen que en ningún caso a contía da subvención poida superar a contía máxima de 2.000 euros.



### **Aposta pola formación**

Esta actuación inscríbese na aposta da Consellería de Traballo e Benestar por reforzar a formación para o emprego. Neste ámbito, estanse a destinar 66 millóns de euros en diversas liñas de actuación (obradoiros de emprego, formación para desempregados e ocupados ou programas integrados, entre outros), preto dun 4,5% máis que o pasado ano. Con este orzamento, estímase que se poidan formar máis de 25.000 alumnos e alumnas en toda Galicia.



## O PROXECTO ABALAR DIXITALIZARÁ OUTRAS 2.800 AULAS AMPLIANDO O SEU ALCANCE A MÁIS DE 100.000 ALUMNOS

- ***Cun investimento de 11,2 millóns de euros dotaranse de equipamentos dixitais todas as aulas de centros públicos de 5º e 6º de educación primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO***
- ***En catro anos, Abalar posibilitou que 52.000 alumnos de 2.300 aulas estuden nun contorno dixital***
- ***Beneficiarán desta iniciativa outros 50.000 alumnos de 870 centros educativos***
- ***Este curso Abalar deu un paso máis coa posta en marcha da plataforma de libros dixitais E-DIXGAL, na que participan 84 centros***
- ***O repositorio espazoAbalar ofrece máis de 2.300 contidos dixitais complementarios e rexistrou 2.1 millóns de descargas no último ano***
- ***Máis de 23.000 docentes recibiron formación e realizáronse actividades divulgativas para estudantes e familias en 900 centros***
- ***Preto de 10.000 familias empregan xa a aplicación AbalarMóbil para seguir a actividade educativa dos seus fillos***
- ***No día de hoxe preto de 250 centros contan con velocidades de ata 100 Mbps e o novo contrato de telecomunicacións da Xunta permitirá que estes e outros 140 centros das catro provincias dispoñan de conexións de ata 200 Mbps***

O Proxecto Abalar, impulsado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dixitalizará 2.800 aulas de 870 centros públicos e beneficiará outros 50.000 estudantes. Con esta nova fase de Abalar pasarase dun 40% de aulas públicas dixitais ao 100% nos cursos 5º e 6º de primaria e 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.

Unha vez completada, esta nova iniciativa permitirá duplicar os alumnos integrados en Abalar, que superarán os 100.000.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por un importe de 11,2 millóns de euros, do contrato de subministración dos 2.800 equipamentos de aulas dixitais, compostos por encerado dixital interactivo, vídeo proxector, ordenador portátil para o posto do profesor, ademais da conectividade da aula. A previsión é iniciar a dotación no último trimestre deste ano.

Este novo paso dá continuidade ao Proxecto Abalar, que se vén desenvolvendo dende o ano 2010 e que aglutina actuacións en catro eixes: a dixitalización das aulas dos centros, iniciativa onde se acolle a dotación de equipamentos de aula dixital, así como a dotación de terminais para alumnos; a formación do profesorado no aproveitamento das TIC na práctica educativa; o uso de recursos dixitais na aula, eixe en que se desenvolve o programa de libros dixitais E-DIXGAL; e a difusión e emprego das TIC na



comunicación, onde se enmarca a aplicación para a comunicación entre as familias e os centros abalarMóbil.

### **Abalar, a integración das TIC na práctica educativa**

Abalar é un proxecto que busca a transformación da aula tradicional en dixital, coa colaboración de toda a comunidade educativa, docentes, alumnos e familias.

Catro anos despois da súa posta en marcha, Abalar posibilitou xa que 52.000 alumnos de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO de 531 centros estuden en aulas dixitais.

Este curso, Abalar deu un paso máis cara a unha educación integramente dixital coa posta en marcha da plataforma de aprendizaxe virtual E-DIXGAL con contidos off-line gratuítos para as familias. Un total de 84 centros e 2.300 alumnos de 5º de primaria están integrados en eDixgal, que no seguinte curso prevé acadar os 7.000 alumnos con libros dixitais.

### **Formación e canle social para o profesorado**

A evolución do Proxecto Abalar nos catro últimos anos reflíctese non só no número de aulas e alumnos beneficiados senón nas actividades e iniciativas que se desenvolveron para os restantes integrantes da comunidade educativa: profesores, pais e nais.

O Plan de formación do profesorado realizou ao redor de 1.200 actividades, presenciais e a distancia, das que se beneficiaron máis de 23.000 docentes. Así mesmo, a canle social Redeiras afiánzase como o medio de comunicación e difusión de proxectos e iniciativas entre o profesorado, con preto de 10.500 usuarios

As actividades de formación e difusión de Abalar esténdese a a toda a comunidade educativa. Neste sentido, "Navega con Rumbo", a iniciativa para concienciar sobre os bos hábitos de uso na rede a profesores, pais, nais e alumnos, chegou a máis de 900 centros e, 50.000 persoas.

### **Máis de 2 millóns de descargas nun ano no repositorio Abalar**

En novembro de 2010 púxose en marcha o portal espazoAbalar como canle de comunicación e difusión do proxecto segue a medrar, con máis dun millón e medio de visitas no último ano.

Outro dos eixos fundamentais do proxecto é o repositorio de contidos dixitais do espazoAbalar, conta con máis de 2.300 recursos educativos dixitais complementarios, dispoñibles en sete idiomas, para educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos. Só no último ano rexistrou máis de 2,1 millóns de descargas



### **abalarMóbil**

Máis de 10.000 familias seguen a actividade educativa a través de abalarMóbil. Esta aplicación trasladada ás tabletas e aos smartphones os servizos que as familias teñen no espazo Abalar e simplifica o acceso a estas funcionalidades, xa que o único requirimento é dispoñer dun dispositivo móbil con conexión de datos, descargar a aplicación e rexistrarse nela.

### **Preto de 400 centros contarán cunha conexión ultrarrápida a 200 Mbps**

A mellora da conectividade é chave no proceso de dixitalización das aulas. Coa entrada en vigor do novo contrato de telecomunicacións da Xunta de Galicia, 390 centros educativos das catro provincias disporán de conexión á internet ultrarrápida cunha velocidade de descarga de ata 200 Mbps e velocidades de subida de ata 25 Mbps. Esta medida supón incrementar en máis de 25 veces a velocidade actual daqueles centros que contan con conexión ADSL.

No día de hoxe máis de 240 centros públicos da Comunidade xa dispoñen de redes NGA de 100 Mbps de velocidade, que facilitan o acceso ata dez veces máis rápido aos diferentes recursos e o acceso simultáneo de máis usuarios. Estas conexións foron posibles grazas ás medidas do Plan de banda larga da Xunta, que nos últimos catro anos permitiron cuadruplicar a velocidade media de conexión dos centros educativos galegos.



## **A XUNTA INCREMENTA EN CASE UN 10 POR CENTO AS SUBVENCÍONS PARA OS PLANS DE FORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS**

- *Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a convocatoria de subvencións destinadas á formación dos empregados públicos das entidades locais de Galicia*
- *Na nosa comunidade esta competencia está asignada á Escola Galega de Administración Pública*
- *As subvencións, ao distribuírse en función dos traballadores afectados, favorecen os plans agrupados que afectan varias entidades locais, fomentando así un dos obxectivos do Goberno galego, que é o agrupamento de concellos para a prestación dun servizo común*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre a concesión de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2014 e as principais novidades da convocatoria no ano 2015, polo cal se incrementa preto dun 10 por cento o orzamento destinado a estes plans de formación.

Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a convocatoria de subvencións destinadas á formación dos empregados públicos das entidades locais de Galicia, e esta competencia asignóuselle á Escola Galega de Administración Pública que estableceu para o efecto dúas canles polas que conduce a formación dos empregados do ámbito local, por unha banda, directamente, mediante a elaboración dun programa específico que atende ás necesidades propias das entidades locais; e, por outra banda, indirectamente, mediante o financiamento dos plans de formación destas entidades.

Na convocatoria do ano pasado, a Xunta de Galicia subvencionou cun importe total de 370.844 euros a posta en marcha de 12 plans de formación que supuxeron un total de 140 actividades e 4.378 horas de formación.

### **Convocatoria 2015**

Na convocatoria deste ano incrementouse o orzamento nun 9,9 por cento con respecto ao ano 2014, cun importe total de 411.705 euros, o que reflicte que, con esta convocatoria de subvencións, a Xunta aposta pola formación dos seus empregados públicos como garante dun servizo de calidade, xa que estas accións repercutirán directamente na eficiencia e eficacia das entidades locais.

Poden ser beneficiarios destas subvencións, por unha parte, os concellos e as deputacións provinciais e, por outra, as asociacións ou federacións de entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia. Cómpre destacar que para outorgar as subvencións establécense criterios tanto cuantitativos (nº de empregados) como cualitativos (adecuación ás necesidades formativas da entidade, cursos sobre administración electrónica, avaliación do impacto formativo, entre outros).



Ademais, as subvencións, ao distribuírense en función dos traballadores afectados, favorecen os plans agrupados que afectan varias entidades locais, fomentando así un dos obxectivos do Goberno galego, que é o agrupamento de concellos para a prestación dun servizo común, como é neste caso o da formación dos empregados públicos das entidades locais.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, a cal foi publicada o día 6 de marzo de 2015. As solicitudes presentaranse exclusivamente por vía electrónica, de acordo co establecido no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no artigo 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Os formularios de solicitude están dispoñibles no enderezo <https://fedap.inap.es/> e na páxina web da EGAP (<http://egap.xunta.es>) e é preciso que o promotor estea previamente rexistrado no portal FEDAP do INAP.



## **O ACORDO QUE PERMITIRÁ ESTENDER O AUTOBÚS URBANO DA CORUÑA ATA O NÚCLEO DE MEICENDE, EN ARTEIXO, ENTRARÁ EN VIGOR EN ABRIL**

- ***O Consello da Xunta analizou hoxe o convenio que asinarán en próximas datas a Administración autonómica e os dous concellos implicados para a posta en marcha do servizo***
- ***Establécense catro paradas dentro do termo municipal de Arteixo, que pasará a ter unhas cinco frecuencias cada hora, é dicir, un autobús cada 12 minutos***
- ***Estímase que os 3.500 veciños do núcleo de Meicende poderán facer 100.000 viaxes ao ano nesta liña de percorrido urbano, con frecuencias e tarifas análogas ás que actualmente se aplican na Coruña***
- ***Darase resposta deste xeito a unha demanda histórica dos veciños e do propio Concello de Arteixo, que contará cun servizo de transporte acorde coas súas necesidades***

O Consello da Xunta de Galicia analizou hoxe os termos do convenio entre o Concello da Coruña, Arteixo e a Administración autonómica que permitirá estender os servizos do transporte urbano da cidade herculina ata o núcleo de Meicende (en Arteixo). A posta en marcha deste servizo está prevista para o vindeiro mes de abril, unha vez que se asine o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos da Coruña e Arteixo.

O núcleo de Meicende sitúase nas proximidades da cidade da Coruña, no termo municipal de Arteixo e presenta unha demanda de desprazamento recorrente similar á que pode existir no núcleo urbano na cidade.

Polo tanto, este acordo permite dar resposta a unha demanda histórica dos veciños e do propio Concello de Arteixo, que reclamaban un servizo de transporte acorde coas súas necesidades. O convenio vén atender esa demanda e permitir que o servizo de transporte urbano do Concello da Coruña saia do termo municipal e realice tráxicos no núcleo de Meicende.

Estímase que os 3.500 veciños do núcleo de Meicende poderán facer 100.000 viaxes ao ano nesta liña de percorrido urbano, con frecuencias e tarifas análogas ás que actualmente se aplican na Coruña.

O proxecto de convenio ampárase na disposición adicional décimo segunda da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que, co fin de mellorar a accesibilidade á rede de transporte público, permite formalizar convenios de colaboración con outras administracións públicas galegas mediante os que coordinar os servizos de transporte público das súas respectivas competencias, incluíndo a habilitación da extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano ou





viceversa. Este convenio é o primeiro que se tramita e que se asinaría ao abeiro desa disposición.

En virtude do convenio establécense catro paradas dentro do termo municipal de Arteixo, que pasará a ter unhas cinco frecuencias cada hora (un autobús cada 12 minutos); actualmente ten dous cada hora.



## O CONSELLO DA XUNTA ANALIZA O CRONOGRAMA PARA A EXECUCIÓN EN VIGO DA PRIMEIRA ESTACIÓN INTERMODAL DE GALICIA

- ***O Diario Oficial de Galicia publicará o vindeiro luns a licitación do proxecto básico e de execución da nova terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo por un importe de 350.000 euros e un prazo de execución de nove meses***
- ***Os prazos previstos para as actuacións que lle corresponden á Xunta permitirán o inicio das obras desta nova infraestrutura a finais de 2016 e a súa conclusión a mediados de 2018***
- ***Estas actuacións deberán ir acompañadas da execución dos compromisos do Concello no referente á reordenación dos accesos viarios e das necesidades urbanísticas***
- ***A estación intermodal de Vigo concentra un investimento de 120,4 millóns de euros ata o de agora, o que supón o maior investimento dunha estación do AVE en Galicia***
- ***O custo desta nova estación de autobuses en Urzáiz, na falta do proxecto construtivo, estímase nuns 10 millóns de euros***

O Consello da Xunta de Galicia foi informado na súa reunión desta mañá do cronograma previsto polo Goberno autonómico para executar en Vigo o que será a primeira estación intermodal da Comunidade.

Os prazos previstos para as actuacións que lle corresponden á Xunta permitirán o inicio das obras desta nova infraestrutura, a finais de 2016 e a súa conclusión a mediados de 2018.

Con ese obxectivo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas publicará o vindeiro luns no *Diario Oficial de Galicia* o proxecto básico e de execución da nova terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo, por un importe de 349.705,66 euros e un prazo de execución de nove meses. A licitación fíxose efectiva o pasado martes, 30 de marzo, a través da plataforma de contratos públicos de Galicia. Este proxecto definirá os aspectos fundamentais do proxecto da nova estación, no que respecta á funcionalidade, formas, construción ou os aspectos económicos.

Este contrato constitúe un paso máis para acadar un dos principais obxectivos da Xunta de Galicia, seguindo a liña marcada pola Unión Europea, como é a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte, con vistas a favorecer a mobilidade das persoas e a potenciar o uso do transporte público.

A previsión é que no mes de xullo de 2015, tras a correspondente adxudicación, poida asinarse o contrato e dean comezo seguidamente o traballos de redacción.



Hai que destacar que os fondos para a execución das obras están completamente garantidos, xa que a Xunta foi quen de conseguir ante a Unión Europea o financiamento das obras dentro do programa operativo Feder 2014-2020.

O custo desta nova estación de autobuses en Urzáiz, na falta do proxecto construtivo, estímase nuns 10 millóns de euros. Cómpre recordar que a execución destas actuacións deberá ir acompañada da execución dos compromisos do Concello no referente á reordenación dos accesos viarios e das necesidades urbanísticas.

No día de hoxe a estación intermodal de Vigo concentra un investimento de 120,4 millóns de euros, o que supón o maior investimento dunha estación do AVE en Galicia. É o primeiro proxecto construtivo que se licita en Galicia para que a estación de autobuses se sitúe ao lado da estación de ferrocarril. En definitiva, constitúe o primeiro proxecto construtivo de Galicia en materia de intermodalidade de pasaxeiros.

### **Estudos previos**

A Xunta de Galicia contratou en xullo de 2014 o estudo da estación intermodal de Vigo por 42.500 euros de orzamento de adxudicación.

En decembro de 2014 quedaron rematados os estudos previos da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo. Estes traballos incluían a realización de diversos estudos (programa de necesidades, estudo funcional da nova terminal, proposta de reordenación de liñas de autobús e estudos de tráfico e de capacidade xeométrica das vías máis próximas) necesarios para a correcta definición destas novas instalacións e o peche da estación de autobuses actual localizada na avenida de Madrid.

Coñecidas as necesidades da nova terminal de autobuses, no estudo funcional realizado, analízanse diferentes ordenacións do espazo dispoñible representando a situación dos diferentes servizos e das dársenas e os movementos dos autobuses e o seu trazado nos xiros.

Da análise realizada seleccionouse a alternativa 6, cunha superficie construída de 9.000 m<sup>2</sup>, como a máis adecuada tanto desde o punto de vista funcional como económico.

Esta alternativa propón o deseño dunha terminal en superficie a cota de rúa formada por dársenas de servizo máis unha zona de regulación.

Prevese tamén un módulo de conexión co futuro vestíbulo da estación ferroviaria, dotado das instalacións de accesibilidade necesarias (escaleiras mecánicas, ascensores, por exemplo).



## **O GOBERNO GALEGO VOLVE CONXELAR AS TAXAS UNIVERSITARIAS DE GRAO E MÁSTER PARA O CURSO 2015-2016 E MANTÉN A UNIVERSIDADE MÁIS ACCESIBLE DE TODA ESPAÑA, COMO VÉN FACENDO DESDE 2009**

- *A Xunta reforza novamente o seu compromiso coa igualdade de oportunidades no acceso aos estudos universitarios, como vén facendo nos últimos anos*
- *Galicia ratifica a súa posición como a comunidade cos prezos públicos universitarios máis baixos de toda España para o vindeiro curso 2015-2016*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á proposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de volver conxelar as taxas universitarias de grao e máster para o vindeiro curso 2015-2016, mantendo unha vez máis a universidade máis accesible de toda España.

Esta proposta -que lle será trasladada aos reitores das tres universidades e logo será debatida na próxima xuntanza do Consello Galego de Universidades- ten como obxectivo manter os prezos públicos nos niveis dos cursos anteriores, de xeito que o Sistema Universitario de Galicia continúe a ser o máis accesible de toda España para o estudantado. Deste xeito, o Goberno galego reforza novamente o seu compromiso coa igualdade de oportunidades no acceso aos estudos universitarios, como vén facendo desde o ano 2009.

Nesta liña, Galicia segue a ser a comunidade autónoma cos prezos públicos das matrículas de graos e máster universitarios máis baixas de todo o territorio nacional para o vindeiro curso 2015-2016, tal como se recolle nun informe elaborado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do cal informou tamén no Consello de hoxe.

### **Prezos medios**

No caso dos graos universitarios, o prezo medio das primeiras matrículas de grao (que representan un 84,07% do total) mantense en 11,89 euros/crédito, o máis baixo de España, fronte aos 33,52 euros de media de Cataluña. Para as segundas matrículas (o 10,98% do total) o prezo promedio sería de 16,46 euros; de 26,62 euros para a terceira matrícula e de 33,92 euros para cuarta e sucesivas. Tamén no caso dos máster os prezos son os máis baixos, cunha media de 26,49 euros, fronte aos 65,87 euros/crédito de Cataluña.

### **Galicia, líder no apoio ao estudantado**

Cómpre lembrar que Galicia é comunidade líder na defensa duns prezos públicos axustados que permitan que ninguén quede fóra da Universidade por motivos extra académicos. Para iso, o Consello Galego de Universidades informou favorablemente a subida mínima permitida dos prezos públicos (o IPC) nos cursos 2009/2010,



2010/2011 e 2011/2012. A partir do cambio de sistema para a actualización dos prezos, o curso 2012/2013 decidiuse conxelar os prezos públicos da primeira matrícula de grao e aprobar a suba mínima posible para os de sucesivas matrículas. Para os cursos 2013/2014 e 2014/2015 optouse pola conxelación, da mesma forma que se propón agora para o curso 2015/2016.

Ademais, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria leva anos desenvolvendo unha política activa de apoio ao estudantado universitario a través de axudas para inicio e continuación de estudos. Así, o departamento educativo da Xunta de Galicia convocará un ano máis a liña de axudas para o inicio e continuación de estudos, dirixida a quen non cumprise os requisitos académicos adicionais esixidos polo Ministerio. Así mesmo, mantense a convocatoria das axudas dirixidas a cubrir as causas imprevistas que poidan afectar a continuación de estudos universitarios, que estará dotada cuns 100.000 euros; e convocarase tamén como cada ano a liña específica de axudas para o inicio de estudos de máster dirixidas a persoas en situación de desemprego, cun orzamento aproximado de 200.000 euros.



## **A XUNTA REFORZA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DO SERGAS COA RENOVACIÓN DE 10 ACELERADORES LINEAIS NOS HOSPITAIS PÚBLICOS GALEGOS**

- ***Esta decisión comezará a materializarse no Hospital público de Lugo Lucus Augusti que se dotará por primeira vez dun servizo de radioterapia***
- ***Trátase do primeiro lote do contrato de alta tecnoloxía que suporá un investimento total de 88 millóns de euros en oito anos***

O Goberno galego, na súa reunión semanal do Consello, deu hoxe luz verde á decisión de reforzar a modernización tecnolóxica do Servizo Galego de Saúde, coa renovación de 10 aceleradores lineais nos hospitais públicos galegos.

A tal efecto, a mesa de contratación considerou que a empresa VARIAN MEDICAL SYSTEMS IBÉRICA, S.L., presentou a oferta máis vantaxosa, polo que se lle requiriu para a presentación, nun prazo de 10 días, da documentación necesaria para a adxudicación do contrato.

Unha vez presentada esta documentación pola empresa proposta, procederase á adxudicación formal do contrato e a súa posterior formalización.

### **Prioridade á radioterapia en Lugo**

Este contrato, que afecta á totalidade dos hospitais públicos do Sergas, comezará a materializarse no hospital Lucus Augusti, que se dotará por primeira vez do servizo de radioterapia.

Da oferta cualificada como máis vantaxosa destaca así que o primeiro equipo de radioterapia que está previsto instalar no Sergas en toda Galicia sexa para Lugo.

Trátase do primeiro lote do contrato de alta tecnoloxía que suporá un investimento total de 88 millóns de euros en oito anos. E, con esta proposta o departamento que dirixe Rocío Mosquera dá un paso máis na súa intención de dotar o Sergas da alta tecnoloxía necesaria para aumentar a calidade diagnóstica e asistencial, mellorar a dispoñibilidade do equipamento e atender de forma máis eficiente a demanda das probas diagnósticas e dos procedementos terapéuticos que empregan estas tecnoloxías.

O contrato da alta tecnoloxía permitirá mellorar a atención á cidadanía, poñer á disposición dos profesionais da saúde as últimas técnicas diagnósticas e terapéuticas, participar en programas de investigación e innovación de ámbito internacional e contar cunha plataforma avanzada de diagnóstico pola imaxe.

---

En resumo, o contrato implica a renovación tecnolóxica existente e a incorporación do novo equipamento, co obxecto de aumentar a produtividade e a capacidade diagnóstica do Sergas.

